



# A nosa vida...en positivo? V

Vulnerabilidade social en adolescentes



**28 de FEBREIRO DE 2018**

**De 10 a 11.30 h**

**EGAP**

**“DEPORTE E SUPERACIÓN PERSOAL”**

**Coloquio con Nadia Iglesias e Jonathan Barral**

**DIRIXIDA AO ALUMNADO DE 1º de ESO do IES Antonio Fraguas e de 6º de Primaria do CEIP de Fontiñas e do Colexio Plurilingüe Monte dos Postes.**



## ÍNDICE

• FUNDAMENTACIÓN.....	3
• POBOACIÓN DESTINATARA.....	7
• OBXECTIVOS.....	7
• METODOLOXÍA E ACTIVIDADES.....	11
• RECURSOS.....	13
• AVALIACIÓN.....	13
• ANEXOS.....	14



## TÍTULO

A nosa vida en positivo?“Deporte e superación persoal”. V edición.

## FUNDAMENTACIÓN

Nos últimos anos o barrio das Fontiñas caracterizouse polo inicio dun percorrido dentro da dinamización en rede comunitaria, a través do seu Plan de Desenvolvemento Comunitario. O mesmo naceu coa finalidade de incrementar o benestar de todos os colectivos que residen nesta zona, promovendo a súa inclusión social e a participación activa dentro da súa comunidade. Neste senso, teñen e tiveron cabida varios programas e proxectos que seguen este fío condutor da mellora social.

Nesta ocasión, xa na 5ª edición do Proxecto “***A Nosa Vida... en Positivo?***” focalízase o marco de actuación no Deporte, na Diversidade e na Saúde, tratando de dar resposta ás inxerencias, vinculadas ó deporte e saúde, dos/as menores participantes en edicións anteriores. Desta forma, articúlanse propostas para a mocidade ligada á sensibilización, superación e transmisión de valores a prol da igualdade de xénero a través de figuras do mundo do deporte que supoñan modelos de vida positivos.

A fundamentación deste proxecto, radica principalmente nun enfoque preventivo e enmarcaríase nas seguintes liñas de intervención:

- **Liña nº 6 do III Diagnóstico Comunitario:** Deseño e implementación de proxectos de prevención de condutas asociadas.
- **Liña nº 11 do III Diagnóstico Comunitario:** Actividades de convivencia comunitaria.




Sería un proxecto que se fundamenta tanto en aspectos vinculados á prevención primaria como secundaria.

No primeiro dos casos (prevención primaria) as accións formativas que se leven a cabo teñen como obxecto a prevención da aparición de condutas antisociais en poboación que aínda non presenta esta problemática; serían actividades dirixidas a adolescentes, en xeral, que pretenden asegurar o seu normal desenvolvemento.

No segundo (prevención secundaria), diríxese a adolescentes que amosan algún signo de condutas disruptivas e preténdese minguar factores de risco.

Aínda que se promovan principalmente actuacións vinculadas ás liñas de traballo anteriores, os obxetivos principais diríxense á totalidade da poboación, tratando de favorecer a integración social de todas as persoas. A actuación comunitaria é unha estratexia metodolóxica que busca coordinar a todos os colectivos que forman a comunidade, ademais de acadar o seu compromiso e implicación para que, entre todos, se poidan realizar aportacións que conducen a un claro incremento do benestar social.


Gráfica nº 4: **A intervención comunitaria no barrio de Fontiñas.**





Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, marzo 2016 (actualización)

En consecuencia, impleméntase un traballo integral a nivel comunitario, baseado na intervención conxunta, en rede, respectando as características de cada servizo, pero buscando ao mesmo tempo as sinerxías e os puntos de encontro que permitan buscar obxectivos comúns e compartir estratexias de traballo:



Fonte: III Diagnostico Comunitario. UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios), xullo 2015.

Fins da intervención comunitaria:



*Fonte: UTS Fontiñas – Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela, 2015*

Pero para traballar dun xeito global a convivencia (tanto a nivel intrafamiliar como no contorno educativo e social) hai outro aspecto que non debe ser obviado: a igualdade de xénero; constitúese como un factor primordial para garantir a dignidade da muller e a súa estabilidade persoal, así como camiñar en prol de facer realidade unha comunidade e unha sociedade máis igualitaria e xusta. Este debe ser un dos elementos transversais permanentemente presente nas intervencións educativas e sociais.

Chegados a este punto, faise necesario recoñecer a presenza deste eixe no noso traballo. Así pois nesa gráfica anterior que reflicte que as intervencións socioeducativas se baseaban en tres piares básicos (solidariedade, atención á diversidade e convivencia) incorpórase un cuarto elemento, non menos importante, “a igualdade de xénero”, como peza básica para contribuír ao desenvolvemento persoal exento de riscos, a estabilidade emocional, a igualdade efectiva nunha sociedade máis xusta en definitiva, a facer efectivos os dereitos constitucionais que asisten a cada persoa.



Gráfica nº 7: Eixes que inspiran a intervención comunitaria no ano 2015.



Fonte: UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), ano 2015.

Polo tanto, nesta nova edición de **“A nosa vida... en positivo?”** trataremos de conxugar por unha banda, as peticións dos participantes en edicións anteriores, trasladadas nas diferentes avaliacións dos proxectos comunitarios previos, que demandan a continuidade destas accións, e por outra banda, as reflexións dos profesionais desta rede que vemos a importancia de incorporar outros aspectos. A forma habitual de traballar a partir de modelos de avaliación participativa, permítenos coñecer opinións, intereses e inxerencias dos participantes. Tratar de darlles unha resposta, con novas edicións de proxectos comunitarios é intervir con rigor e tecnicamente.

Ademais nesta edición recuperamos o traballo sobre igualdade de xénero, unha temática diferente das habituais neste proxecto, pero que emerge como un elemento potente



de vulnerabilidade da nosa mocidade. A detección e prevención de situacións de machismo, así como o feito de poder contar coa información e a formación necesarias, son as bases para seguir a loitar contra a lacra que supón a violencia de xénero.

Gráfica nº 11: **Trazos de identidade do proxecto comunitario "A nosa vida..., en positivo?"**.



Nesta edición de **A Nosa vida en positivo** prográmase a realización da seguinte acción formativa:

Charla-coloquio vinculada especificamente co mundo do deporte e a discapacidade funcional, onde valores de superación e esforzo son a premisa fundamental. Contamos coa presenza dunha poñente feminina: Nadia Iglesias como elemento de visualización e recoñecemento do deporte feminino, figura relevante do mundo da patinaxe artística a nivel europeo. Tamén estará presente, como referente de superación e esforzo, Jonathan Barral xornalista e





profesional da doma clásica adaptada de cabalos, afectado por unha discapacidade visual.

Ademais, esta actividade afonda e consolida o formato de convivencia entre os centros educativos do barrio, ao ser dirixida ao alumnado de sexto de primaria do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e do CEIP de Fontiñas e ao alumnado de 1º da ESO do IES Antonio Fraguas.

A través da práctica físico-deportiva, o ser humano desenvólvese de forma global, non so de xeito físico, senón tamén á nivel intelectual, cognitivo e emocional, consolidando unha serie de valores e actitudes ligadas ao respecto, á colaboración, á convivencia e á axuda mutua. A práctica deportiva é unha vía a seguir para a supresión de barreiras, tanto físicas como persoais, e que actúa coma unha fonte de superación persoal, mais alá das características ou situacións propias, espérase desta experiencia que sexa un espello no que se reflicten as actitudes ligadas á superación e ao esforzo, así como tamén á consecución de logros.

Intentarase abordar estas temáticas desde o bo uso do lecer e dos tempos compartidos, transformando o tempo libre nun espazo de aprendizaxe conxunta e de punto de encontro entre os/as adolescentes residentes na comunidade. Deste xeito, coa finalidade de que actúe como imaxe destas potencialidades inherentes ó deporte, preténdese contar coa colaboración de Nadia Iglesias e Jonathan Barral. Este último por ser un vivo exemplo de inclusión plena e activa na sociedade dunha persoa con diversidade funcional, factor que non provocou o abandono da súa paixón polo deporte e o feito de que sexa unha persoa recoñecida na doma de cabalos.

A razón de elixir a estas figuras é acadar o obxectivo principal de concienciar e sensibilizar ó abeiro destes valores a un sector de idade especialmente vulnerable: os/as adolescentes.

Non hai que esquecer que os fins da intervención comunitaria non deben ser exclusivamente asistencialistas (se ben hai que traballar para a cobertura das necesidades básicas da cidadanía), senón que debe dar un paso adiante, incidindo na



prevención, como veremos máis adiante, e na integración no contorno comunitario (non dende a asimilación senón dende a pertenza a un barrio, dende a convivencia positiva da súa veciñanza, respectando as diferenzas de cada quen).

## POBOACIÓN DESTINATARIA

A actividade estará destinada ó alumnado de 6<sup>º</sup> de educación primaria dos CEIP Fontiñas e CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e os 1<sup>º</sup> da ESO do IES Antonio Fraguas, é dicir, cunha idade de 11 a 13 anos. Aproximadamente contarase coa participación de 200 persoas.

## OBXECTIVOS

- **Xeral:**
  - Sensibilizar á poboación adolescente sobre valores e actitudes positivas para o seu óptimo desenvolvemento vital.
- **Específicos:**
  - Contribuír á sensibilización dos colectivo escolar de cara a normalizar situacións de diversidade e favorecer situacións de inclusión neste eido.
  - Crear referentes positivos que contribúan ao desenvolvemento deste grupo de idade.
  - Reforzar “espazos de encontro” nos que estean presentes os valores de autonomía, igualdade e solidariedade social.
  - Recoñecer os éxitos deportivos das mulleres.
  - Coeducar en igualdade de oportunidades para a eliminación dos estereotipos existentes en canto á muller e o deporte.
  - Visualizar e fomentar a participación das mulleres na práctica de actividades físico-deportivas en igualdade de condicións.



- Cultivar os valores de solidariedade, superación persoal e colaboración que desprende a práctica dun deporte.
- Promover a superación de prexuízos e estereotipos cara as persoas con diversidade funcional mediante a empatía e o respecto.
- Xerar espazos de debate e reflexión da necesidade de potenciar o papel das mulleres no deporte .
- Promover espazos de convivencia entre menores pertencentes ao colectivo “infantil” e os pertencentes xa a “adolescencia” , procedentes dos tres centros educativos de Primaria e Secundaria existentes no barrio de Fontiñas: CEIP Fontiñas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes e IES Antonio Fraguas.

## METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Como apuntábamos arriba, a nosa actividade centrárase nun coloquio interactivo que versa sobre os valores deportivos e os hábitos saudables, coa finalidade de traballar con eles dun xeito educativo dinámico e aberto, aspectos inherentes a situacións de vulnerabilidade ou de risco social, conxugados con reflexións técnicas e aplicacións prácticas.

Contar coa colaboración de figuras no mundo do deporte como son Nadia Iglesias e Jonathan Barral permite espertar a motivación e o interese do alumnado e así conseguir o propósito de sensibilización e concienciación.

Incidir na importancia do deporte inclusivo-igualitario e da visibilización das experiencias que teñen lugar dentro deste marco, supón avogar pola igualdade de oportunidades para conseguir a repercusión social que se merecen estes profesionais, que son, sen dúbida, o vivo exemplo da superación persoal.

Persoas coma eles son modelos positivos que poden contribuír á tarefa de formar cidadáns e cidadás comprometidas/os socialmente e afastados de comportamentos de risco. Todo isto coa permanente presenza de distintos valores:



igualdade de oportunidades, confianza mutua, compromiso social, respecto ás persoas e aos dereitos das mesmas e fomento da cohesión social, superación, respecto e esforzo; ademais de aportar unha transmisión de aspectos vencellados ó ocio e ó lecer activo e saudable, que terá repercusións positivas tanto no desenvolvemento individual coma grupal destas novas xeracións cidadás.

O coloquio terá unha duración aproximada de 90 minutos, que serán repartidos en dous formatos: entrevista e exposición por parte dos deportistas e o conseguinte espazo aberto para a interacción e realización de cuestións da man dos/as participantes.

A actividade planifícase para a data:

- 28 de febreiro de 10:00 a 11:30 horas no salón de actos da EGAP.

En resume, a Vª edición do Proxecto comunitario “A nosa vida..., en positivo?” concrétese na seguinte actividade:

*Táboa nº 1: Actividades do Proxecto “A nosa vida..., en positivo?”, 5ª ed.*

ACTIVIDADES	DATAS	LUGAR DE IMPLEMENTACIÓN	DESTINATARIOS
<p><b>“Deporte e superación Persoal”</b> <b>Charla-coloquio</b> a cargo de Nadia Iglesias e Jonathan Barral</p>	<p>28 de febreiro de 2018, de 10:00 a 12.00</p>	<p>EGAP</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>📖 Alumnado de 1º da ESO do IES Antonio Fraguas: aproximadamente 100 alumnos.</li> <li>📖 Alumnado do CEIP Plurilingüe Monte dos Postes</li> <li>📖 Alumnado do CEIP Fontiñas</li> <li>📖 Profesorado do devandito alumnado.</li> <li>📖 Técnicos das entidades da rede comunitaria do barrio de Fontiñas.</li> </ul>

*Fonte:* UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, novembro 2018. Recolle as aportacións das restantes entidades que participan na rede comunitaria do barrio de Fontiñas.



## RECURSOS

- **Infraestructurais:** Sala onde se levará a cabo a sesión. O salón de actos da EGAP, (200 participantes)
- **Humanos:** o deportista Nadia Iglesias e Jonathan Barral e as persoas coordinadoras da actividade, entre elas os CEIP Monte dos Postes e Fontiñas, o IES Antonio Fraguas e as representantes dos Servizos Sociais Comunitarios do barrio das Fontiñas.
- **Económicos:** cantidade para os profesional polo servizo prestados: 150€ por cada un que serán sufragados a través do recadado no Mercadiño Solidario que se organiza no barrio.

## AVALIACIÓN

O proceso avaliativo terá lugar desde o inicio da actividade ata o fin da mesma. Deste xeito procurarase coñecer de xeito real a efectividade do proxecto así como tamén o grao de satisfacción acadado, tanto por parte das persoas participantes, como dos/as coordinadores/as da actividade.

Consideramos que o feedback é fundamental dentro da planificación de proxectos sociais, xa que axuda a aprender dos erros, a reflexionar sobre o camiño seguido e as metas que se esperan acadar, mudando e aprendendo.

O proceso avaliativo terá lugar mediante un coloquio finalizada a actividade, así como tamén mediante un pequeno cuestionario á realizar de xeito individual por parte de cada participante (ANEXO I).

Ademais disto, os/as encargados/as da actividade realizarán unha observación activa. Deste xeito, preténdese empregar a avaliación coma un medio que axude a optimizar o rendemento deste proxecto de acción.



## ANEXOS

- ANEXO I: Ficha de avaliación.

Puntuaranse as seguintes cuestións, de tal xeito que o número 1 sexa “totalmente en desacordo”, mentres que o 5 “totalmente de acordo”

ÍTEMS	PUNTUACIÓN
A sesión foi entretida.	1 2 3 4 5
Tratáronse temas útiles para o meu día a día.	1 2 3 4 5
Gustaríame saber máis sobre este tema.	1 2 3 4 5
A exposición dos contidos foi clara.	1 2 3 4 5
A actividade axudoume a reflexionar sobre os meus hábitos e/ou actitudes.	1 2 3 4 5
Algo que me gustaría traballar:	



Documento elaborado por:

- ✚ Eva María González Santiago, traballadora social da UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).
- ✚ María Jesús Viqueira Pérez, traballadora social da UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).
- ✚ Beatriz Sixto Solar, traballadora social da UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).
- ✚ Margarita Vázquez Teo, educadora social do Programa municipal Socioeducativo (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela).
- ✚ Dolores Sanz Lobo, orientadora do Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas.

Coa colaboración das restantes entidades sociais, sanitaria e educativas do Barrio de Fontiñas.